

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día sete de decembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Deputación, número 35 (Exp. 2022/Y001/000173) e para instalación de ascensor en edificio de vivendas de planta soto, baixa, entresollado, catro plantas altas e baixocuberta, na Avda. da Coruña, número 204 (Exp. 2022/Y001/000183).

2. PLANEAMENTO URBANÍSTICO.- Acórdase aprobar inicialmente os estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación do Polígono G de Paradai.

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

3. PERSOAL.- Acórdase aprobar o incremento retributivo adicional do 1,5%, con efectos do 1 de xaneiro do 2022, disposto no Real decreto lei 18/2022, do 18 de outubro.

- Acórdase corrixir os erros do acordo número 9/223, da Xunta de Goberno Local do 10 de xuño de 2020, de asignación de postos de traballo, relativos ós postos de auxiliar administrativo na Sección de Mobilidade Urbana e Sancións (código 12/32/2) e no Servizo de Benestar Social (código 4101/32/3).

4. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a contratación dos seguros de responsabilidade civil patrimonial-lote 1-1^a, prórroga contrato 2022-2023 (Exp. 2021/C003/000030).

- Acórdase desestimar a solicitude de suspensión da executividade do acto impugnado no recurso de reposición interposto contra a decisión da mesa de contratación de selección de oferta economicamente máis vantaxosa na

contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a Cabalgata de Reis 2023. (Exp. 2022/C004/000024).

- Acordouse adxudicar a contratación de patrocinio publicitario cun club deportivo (Exp. 2022/C005/000025).

ÁREA DE ALCALDÍA

5. INTERVENCIÓN.- Acordouse aprobar o proxecto de orzamento xeral municipal 2023.

Asinado dixitalmente polo Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.